

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN, A FUNDACIÓN CIENTÍFICA DE LA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER, A FUNDACIÓN KERTOR E JANSSEN CILAG, S.A. PARA A CREACIÓN DUNHA INCUBADORA DE PROXECTOS NO ÁMBITO DO DESCUBRIMENTO DE FÁRMACOS CONTRA O CANCRO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora da Axencia Galega de Innovación da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Innovación ten previsto formalizar coa Fundación Kertor, a Fundación Científica de la Asociación Española contra el Cáncer e Janssen Cilag S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A posta en marcha dunha iniciativa público-privada de fomento e impulso da transferencia inversa do coñecemento, ou transferencia orientada pola demanda, para a valorización de resultados da investigación científica no ámbito da investigación para a descubrimento de fármacos contra o cancro (*Programa Cancro Innova o programa PCI*).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.



Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. Que a Fundación Kertor é unha fundación privada sen fins lucrativos constituída en escritura pública en Santiago de Compostela o 27 de xaneiro de 2016, clasificada de interese para a investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico e adscrita ao protectorado da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola Orde do 1 de xuño de 2016 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG nº 124, do 1 de xullo) e declarada de Interese Galego pola Resolución do 11 de xullo de 2016 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria (DOG nº 141, do 27 de xullo); todo isto ao amparo do dereito recoñecido no artigo 34 da Constitución española.

Segundo o artigo 6º dos seus estatutos, a Fundación ten fins científicos, sanitarios e de impulso da economía social e produtiva de Galicia, co obxecto de xestión, execución e impulso de programas de descubrimento de fármacos.

Kertor conta coa capacidade necesaria para participar neste convenio dados os seus coñecementos na contorna española da innovación aberta, polos seguintes motivos:

(I) A Fundación Kertor, xunto con GAIN e Janssen puxeron en marcha en xullo de 2017, un programa para la creación de una incubadora de proxectos na ámbito do descubrimento de fármacos (programa I2D2).

(II) Os patróns da Fundación Kertor contan coa experiencia acumulada na coordinación e desenvolvemento con éxito de iniciativas similares (ademais da xa citada, o proxecto Innopharma) e dun recoñecido prestixio nacional e internacional no ámbito da investigación



farmacoxenómica, con 15 novas entidades químicas que entraron en ensaios clínicos en doentes nos últimos 20 anos.

(III) É unha das primeiras entidades privadas enfocadas á transferencia recíproca do coñecemento na nova era de innovación aberta que conecta entidades públicas e privadas. É un modelo sen precedentes no contexto da innovación aberta e do codesenvolvemento público-privado para a investigación no descubrimento de fármacos, creado para xestionar o know-how, os resultados logrados no proxecto Innopharma e facilitar a transferencia recíproca do coñecemento en programas de investigación para o descubrimento de fármacos.

(IV) Conta cunha metodoloxía propia, única e validada para aplicar a súa investigación farmacoxenómica a programas de investigación básica, acelerando o inicio de investigación terapéutica transformacional, e que se compromete a empregar, sen custo adicional, no marco do desenvolvemento dos proxectos ao amparo presente convenio.

(V) Posúe capacidade de atracción de empresas tractoras globais que realicen codesenvolvementos baseados na aceleración de proxectos transformacionais coa fundación en Galicia no ámbito do descubrimento de fármacos.

Por iso, a Fundación Kertor colaborará no deseño, posta en marcha, desenvolvemento e xestión do presente convenio, orientada á promoción de proxectos innovadores na área oncolóxica.

Para cumprir con este fin, Kertor liderará a transferencia recíproca que implica a coordinación e dirección do programa. A valorización tecnolóxica poderase realizar través da Plataforma de farmacoxenómica INNOPHARMA da Universidade de Santiago de Compostela (USC) coa que a Fundación Kertor ten subscrito un acordo marco (Convenio marco



entre a USC e a Fundación do 29 de abril de 2016) sen prexuízo, cando iso sexa requirido, de acudir a servizos de terceiras entidades.

2. Que a Fundación AECC é unha fundación privada sen fins lucrativos, que ten como fins principais a promoción e desenvolvemento de actividades encamiñadas a fomentar, mellorar, orientar e difundir o estudo e a investigación científica do cancro, en calquera das súas manifestacións e aspectos, sendo beneficiarios de tales fins todas as persoas sin distinción de idade, sexo ou raza.

A Fundación AECC ten o obxectivo de financiar a investigación do cancro en España. Un financiamento que facilite ideas novas, impulsándoas ata os resultados finais dos proxectos e, sobre todo, unha investigación que responda aos grandes retos actuais como a procura de estratexias eficaces de prevención e detección precoz, a mellora dos procesos diagnósticos e o desenvolvemento de tratamentos que consigan salvar vidas. E sempre apoiando aos investigadores, desde os estudantes ata os grandes líderes en investigación, apostando polo talento e favorecendo a súa estabilidade.

Por iso a Fundación AECC está en disposición de poñer en valor os proxectos seleccionados a través do programa PCI coa colaboración do resto de partes implicadas, coa finalidade de impulsar a súa incubación ata a fase clínica de proba de concepto en humanos, posibilitando o seu acceso ao mercado e ás compañías farmacéuticas.

3. Que Janssen-Cilag, SA. é unha empresa farmacéutica baseada na investigación e pertencente ao grupo Johnson&Johnson, unha das empresas multinacionais do sector sanitario máis diversificada e con maior implantación. O principal valor de Janssen é a súa gran



capacidade para innovar. Como parte da actividade de I+D, en Janssen descubríronse máis de 400.000 novas entidades moleculares, das que 80 convertéronse en fármacos orixinais. Esta compañía farmacéutica investiga e desenvolve en España numerosos medicamentos en áreas terapéuticas tan avanzadas como a inmunoloxía, oncoloxía, neurociencias, cardiovascular e metabolismo.

Janssen colaborará no programa I2D2 non só co seu financiamento senón tamén coa participación activa na selección de proxectos de investigación para o desenvolvemento de obxectivos de mercado baseados nos resultados da investigación.

4. A Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia) supón unha aposta sen precedentes polo sector da biotecnoloxía, que xoga un papel moi destacado e esencial no desenvolvemento de sectores estratéxicos para a comunidade como a saúde.

A Estratexia Galega de Impulso á Biotecnoloxía 2016-2020 define unha serie de subsectores estratéxicos entre os que se atopan as novas tecnoloxías para o medicamento personalizado e a Open Innovation para o descubrimento de fármacos. Ademais, define como un dos seus tres eixos estratéxicos: a investigación, transferencia de tecnoloxía e creación de empresas, con dous programas:

A.1 Investigación e transferencia ao mercado

A.2 Bioemprendemento e bioaceleración

5 Que coa iniciativa PCI, GAIN pretende impulsar, fomentar e poñer en funcionamento medidas, que baixo o concepto de “Transferencia inversa” vaian dirixidas á posta de manifesto polos axentes do sector



productivo das súas necesidades co fin de contribuír a orientar as liñas e obxectivos de investigación dos centros de investigación para alcanzar un maior impacto socio-económico.

6. Que de acordo cos antecedentes anteriormente indicados e tendo en conta o éxito do Programa I2D2 e do evidente beneficio que as actividades obxecto do convenio reportan ao conxunto da sociedade, GAIN, a Fundación KERTOR, a Fundación AECC e JANSSEN-CILAG, S.A. teñen interese en xuntar esforzos e poñer en común sinerxías e experiencias en prol dun programa de incubación no ámbito do descubrimento de fármacos centrado na área oncolóxica, que permita incubar proxectos innovadores e levalos ata fases clínicas en humanos como medida de fomento do concepto de transferencia inversa que permita:

- O fomento da investigación científica en aras do descubrimento de fármacos ou técnicas ligadas ao desenvolvemento dos mesmos, e/ou a obtención de beneficios no tratamento do cancro.
- A creación dun referente mundial de coñecemento en desenvolvemento temperán de fármacos: Galicia converterase nun polo de innovación aberta aplicada ao descubrimento de fármacos.
- A xeración de valor socio-económico, derivado de:
 - Un ecosistema favorable á investigación e o desenvolvemento de fármacos.
 - Atracción de empresas tractoras.
 - Fortalecemento do ecosistema galego do fomento do negocio e a investigación.
 - Transferencia e emprendemento.
 - A creación dunha rede maior de coñecemento a través da formación con mentores da empresa.



- A atracción do investimento: o investimento realizado en investigación acabará reportando non só beneficios no propio desenvolvemento da ciencia, senón empresariais desde o punto de vista de mobilización de capital privado en Galicia.
- A atracción e retención de talento investigador.

7, Que a posta en marcha desde Galicia do Programa Cancro Innova (programa PCI) supón un novo impulso o desenvolvemento do ecosistema biotecnolóxico galego. A presente iniciativa terá un alto impacto sobre o sector rexional das PEME biotecnolóxicas -onde moitas delas son actualmente provedores de servizos para a industria farmacéutica e outras provedores potenciais- podendo prestar servizos para o desenvolvemento de proxectos de descubrimento de fármacos contra o cancro derivados do Programa.

8. As actividades obxecto do presente convenio teñen un custo estimado de 2.675.000,00 €, para o que a Axencia Galega de Innovación, concede unha subvención a fondo perdido por importe de 1.000.000,00 € con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma para os anos 2020, 2021 e 2022. Mentres a Fundación AECC financiará o proxecto con 600.000,00 €, Janssen con 1.000.000,00 € e a Fundación Kertor con 75.000,00 €.

	Año 2020	Año 2021	Año 2022	TOTAL
IMPORTES APORTACIÓN GAIN	600.000,00 €	200.000,00 €	200.000,00 €	1.000.000,00 €

9. Que todo o exposto anteriormente, determina a dificultade de promover a concorrência pública, aos efectos do establecido no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

